

Oleiros, orgullosamente diverso




Concello de Oleiros



*


10 tips para prever a LGTBIfobia na túa contorna






1 **Sacude os teus PREXUIZOS** e non lle presupoñas a heterosexualidade nin o xénero a ninguén. **O normal é a diversidade!**


2 **TODAS as persoas fomos educadas no sexismo e a LGTBIfobia**, así que se alguén che sinala un comentario inaxeitado, non te poñas á defensiva. Amosa interese e aprende dos erros!




3 **Hai moitas formas de ser** hetero, gai, lesbiana, bisexual ou trans. Ou ti andas cun manual de instrucións debaixo do brazo? Pois iso. **Respéctaa!**



4 **As persoas LGTBQA+ son máis que a súa orientación sexual, identidade ou expresión** de xénero. Non as reduces ás siglas e faite o favor de coñecelas!



5 **A LGTBIfobia afecta a todas as persoas**, tamén ás heterosexuais que non cumpren coas normas de xénero e sexuais hexemónicas, pois diríxese contra todas aquelas persoas que son ou “parecen” do colectivo, en base a estereotipos sociais e de xénero.



6 **Coida a túa linguaxe!** Expresións como maricón, bollera, marimacho, travelo etc., non son inofensivas; aínda que non teñas intención de facer dano, resultan ferintes e non deben permitirse.

7 **Trata a cada persoa co xénero e os pronomes cos que se identifican.** Non facelo tamén é violencia. É algo tan sinxelo como a E-M-P-A-T-Í-A!
Practícaa! 😊

8 Nunca, pero nunca, **N-U-N-C-A** **“saques” a ninguén do “armario”!** É unha decisión que non che corresponde a ti.

9 **Implicáte!** Os comentarios e actitudes que non respectan a diversidade non poden quedar sen contestación. Pero non prohibas ou censures; isto alimenta o vitimismo e a sensación de agravio. Escoita e intenta comprender (que non xustificar, ollo, non é o mesmo), ao tempo que cuestionas e debates ditas posturas. **Practica a oratoria!**

10 **Fórmate e transfórmate!** Busca, le, reflexiona, mira, escoita etc., materiais que aborden a diversidade. Nas túas redes sociais hai miles de perfís sobre diversidade! **O coñecemento é unha ferramenta poderosísima para a transformación persoal e social** 😊.

De nada!

